



LUME



TrouSA

MOUCHOS, CORUXAS, SAPOS E BRUXAS
DEMOS, TRASGOS E DIAÑOS,
ESPITOS DAS NEVOADAS VEIGAS
CORVOS, PINTIGAS E MEIGAS,
FEITIZOS DAS MENCINEIRAS
PODRES CAÑOTAS FURADAS
FOGAR DOS VERMES E ALIMANAS
LUME DAS SANTAS COMPAÑAS,
MAL DE OLLO, NEGROS MEIGALLOS
CHEIRO DOS MORTOS, TRONOS E RAIOS...



INFORMACION

XERAL

MODALIDADE

Espectáculo de rúa itinerante, pasarrúas.

DURACIÓN

1 hora de espectáculo

PERSOAL



**ZANCUDO
E POWER SKIP**



DIAÑO



**BRUXA
E
TRASNOS**



PERCUSIÓN

Un zancudo portador do carro e un demo con zancos de rebote

Un bebé diabólico

Unha bruxa en patíns e dous trasnos malabaristas

Seis percusionistas

MATERIAL



Trono xigante do
bebé diabólico



Pequena
pirotecnia
(carretillas,
bengalas,
chafarices)



Instrumentos
de percusión



Material
específico
dos animadores
(zancos, fachos,
auga de lume...)
vestiario
e caracterización.

SINOPSE

Neste pasarrúas, diferentes personaxes saídos da máis profunda escuridade, entre eles o mesmísimo fillo do Diaño, percorreren todas as rúas ao ritmo que marcan os tambores. Diaños, trasnos, bruxas,... demostrarán as súas habilidades có seu elemento máis prezado: o LUME.



A person dressed as a devil, wearing a red horned mask and a red cape, is breathing a large plume of fire from their mouth. The fire is bright yellow and orange, filling the upper half of the frame. The background is dark, making the fire and the red costume stand out.


NECESIDADES

TECNICAS


TEMPO



Tempo de montaxe e preparación:
2h



Duración do pasarrúas:
1h



Tempo de desmonte:
1h

CARGA E DESCARGA

Precisamos:

Un lugar onde facer a montaxe e a desmonte, libre de circulación de vehículos, de 5x5m.
Un lugar onde estacionar unha furgoneta próximo ao sitio de saída do pasarrúas.

PERSOA RESPONSABLE


Precisamos:
unha persoa responsable,
con capacidade de decisión, dende a nosa chagada ata a nosa saída.

CAMERINOS

Precisamos:
Camerinos onde poder descargar a roupa e elementos dos animadores (tambores, zancos, maquillaxes...) próximo ao lugar de saída do pasarrúas, con espazo para doce persoas, con espellos e augas.

ESTRUTURAS

O pasarrúas inclúe un carro coas seguintes dimensións:



CONDICIÓN DO ESPAZO DE ACTUACIÓN



O percorrido debe ser libre de obstáculos e sen demasiada pendente.



As dimensións das rúas deben permitir o paso do carro.



En caso de choiva o pasarrúas non poderá saír e se non chove pero o chan está moi mollado, por seguridade dos animadores, os zancudos non poderán saír con zancos.

* SERVIZO DE PROTECCIÓN CIVIL

No caso de agardar moita xente durante o pasarrúas, ou se hai que pasar por algún tramo de rúa que sexa por estrada..., podería ser necesario que dúas persoas de protección civil a pé acompañasen o pasarrúas para facilitar o seu desenvolvemento.

HABELAS...HAINAS!



Trouba